

# CONVOCATORIA CURSO DE ÁRBITRO NIVEL I

A Federación Galega de Voleibol, a través do Comité Técnico Galego de Árbitros, convoca o curso de Árbitro de Voleibol Nivel I.

A evolución crecente de equipos nas competicións autonómicas, xunto coa maior presenza de equipos galegos en Competicións Nacionais, fan que a necesidade de árbitros sexa maior cada tempada. Ademais, o natural relevo xeracional que se da o igual que en outros estamentos, fan que se teña que buscar e promocionar a alta de novos colexiados, polo que dentro das funcións atribuídas o Comité, propónse a Xunta Directiva de esta Federación e o Sr. Presidente a celebración de este curso.

## PLAN DE ESTUDOS

---

As materias que se impartirán durante o curso son as seguintes:

- Regulamento Comentado
- Técnica Arbitral
- Normativa
- Técnica de Anotación
- Acta Dixital
- Metodoloxía Arbitral
- Psicoloxía da Arbitraxe

O total de horas do curso é de 16 horas, repartidas en 2 días.

## DATAS E HORARIOS DE CELEBRACIÓN

---

As datas de celebración son o 17 e 18 de setembro (2 días).

Os horarios serán de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas ambos días.

## SEDE DO CURSO

---

O curso celebrarase no Salón de Actos do Complexo Deportivo de Elviña, sito en Plaza Agustín Díaz, nº1, en A Coruña.

## FORMATO DO CURSO

---

O curso ten formato presencial. Os participantes deberán asistir as clases que se impartiran, así como facer aproveitamento das mesmas, tendo que responder as cuestión que os docentes fagan, así como participar das actividades que organicen.

Segundo o docente, e dentro da liberdade que ten de cátedra, poderá solicitar o alumnado traballos para presentar ademais da asistencia.

## PROFESORADO DO CURSO

---

Curso será impartido por árbitros Nivel II e Nivel III con experiencia na competición e coa revisión e validación do material por parte do C.T.G.A.

## CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DO APTO

---

Para poder obter a cualificación de APTO e así ter o curso pasado, é preciso cumprir os seguintes criterios:

- Ter asistido o 100% das clases.
- Presentar os traballos que soliciten o profesorado.
- Ter superado o total das materias impartidas.
- Realizar 5 encontros de práctica, amigables ou de competición oficial (remunerados).

## INSCRIPCIÓN NO CURSO

---

As persoas interesadas en participar no curso deben ser maiores de 16 anos ou cumprilos durante o 2022.

Para formalizar a inscrición, débese enviar o modelo G-13 II que se atopa publicado no apartado de descargas de FGVb, e envíalo cumprimentado a conta de correo de [correo@volei.gal](mailto:correo@volei.gal) con copia a [arbitros@volei.gal](mailto:arbitros@volei.gal) antes do día 15 de setembro as 13:00 horas.

O custe do curso é de **70,00€** por asistente. O ingreso farase na conta da Federación Galega de Voleibol:

**Banco de Sabadell**

**ES71 0081 0499 6400 0137 8440**

Xunto co modelo G-13 II deberase axuntar o xustificante de ingreso.

## CANCELACIÓN DO CURSO

---

A Federación Galega de Voleibol reservase o dereito a suspender o curso, por falta de participación ou calquera outra circunstancia que poida impedir a súa correcta organización. En tal caso, informarase do feito os inscritos e faranse os abonos das cotas xa abonadas, sen que proceda calquera outra indemnización.

INSCRIPCIÓN CURSO DE ÁRBITRO

OU ADESTRADOR


**FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
VOLEIBOL**

G13- II

2023 - 2023

Nome:

Apelidos:

D.N.I.:

Data de Nacemento:

 Xénero: Home  Muller 

Nacionalidade:

Enderezo:

C.P.:

Localidade:

Provincia:

Teléfono de contacto:

E-mail:

Historial Deportivo:

Estou interesado en inscribirme nos seguintes cursos:

<b>ÁRBITRO</b>	Anotador / Acta E.	
	Nivel I Voleibol	
	Nivel II Voleibol	
	Nivel I Vólei Praia	
	Nivel II Vólei Praia	
	Xuíz de Liña	
<b>ADESTRADOR</b>	Nivel I	
	Nivel II	

\_\_\_\_\_, a \_\_ de \_\_\_\_\_ do 20\_\_\_.

O interesado/a,

Asdo.: \_\_\_\_\_